

A OV430 presenta «Múltiples resonancias»

- «Múltiples resonancias» dá título a toda a tempada 2022/23 e fai referencia á variedade de propostas nos concertos
- Desenvolveranse entre o mes de outubro e o próximo mes de maio da man do Concello de Vigo en diversos emprazamentos
- As entradas estarán dispoñibles na na plataforma Ticketrona

A Orquestra Vigo 430 presenta a súa nova **tempada 2022/23** baixo o nome «**Múltiples resonancias**», un título que fai referencia ás diferentes influencias estilísticas e propostas musicais que teñen cabida e conforman os **oito concertos** que se desenvolverán, a razón dun por mes, entre o próximos outubro de 2022 e maio de 2023.

Como é habitual, a orquestra **combinará o talento local co foráneo**, contando cun gran elenco de solistas como o **dúo Grimm**, viola gambista **Amarilis Donas**, a violinista **Maya Levy** ou a oboísta galega **Iria Folgado**, ademais do multi instrumentista **Sergey Malov** e o violinista **Jonian Ilias Kadesha**, quen levará todo o peso dos seus respectivos programas como directores e solistas. A orquestra contará, como é habitual, coa súa actual directora asociada, **Isabel Rubio**, así como co director **Vicent Alberola**, cos que abordará o repertorio máis sinfónico.

Poderemos asistir a propostas artísticas tan diferentes como o minimalismo e o coidado polas sonoridades que os vigueses «**Múltiple Ensemble**» aplican á música de nova creación. Poderemos escoitar tamén as **bandas sonoras dos máis soados videoxogos** da historia nun concerto deseñado pola especialista **Erea Carbajales**, para o que se contará coa colaboración do popular gamer e youtuber «**León Picarón**» quen, a modo de solista, xogará unha partida en directo co acompañamento da gran formación sinfónica.

Tamén poderemos asistir a **un vibrante relato de espadachines** ambientada en pleno século XVIII nun concerto no que, ademais da narración do escritor **Miguel**

Alonso, poderemos asistir á representación dun duelo a cargo de membros da Sala Viguesa de Esgrima Antiga.

Nos meses de febreiro e marzo poderemos asistir á xenialidade da visión musical coa que músicos como **Jonian Ilias Kadesha e Sergey Malov** abordan a música do período do **clasicismo**, no que constitúe un auténtico mini ciclo clásico de primavera.

Aínda que o título da tempada non fai expresa referencia a esta circunstancia, os concertos que a conforman resoarán enchendo **múltiples espazos** da cidade, como os de «A Sede», o Auditorio Mar de Vigo, Auditorio Martín Códax ou o Auditorio Municipal do Concello.

As **entradas** estarán dispoñibles en breve na **plataforma Ticketrona**, reservándose como sempre as habituais vantaxes para os amigos e protectores da orquestra. Toda a información pódese atopar na páxina web **www.vigo430.com**.